



Concello de A Gudiña

BANDO

MEDIDAS DE PREVENCIÓN PARA EVITAR A PROPAGACIÓN DO CORONAVIRUS

Don José María Lago Cabo, Alcalde-Presidente do Concello de A Gudiña (Ourense),

FAI SABER:

Que dada a situación de Pandemia por Coronavirus, recoméndase que por parte de toda a poboación se tomen as seguintes medidas preventivas:

- Lavados de mans exhaustivos e frecuentes.
- Evitar tocarse nariz, ollos e boca.
- Cando se tusa, cubri-la boca contra o brazo co cóbado flexionado ou cun pano desbotable.
- Limpeza, ventilación e desinfección das casas.
- Evitar desprazamentos innecesarios.
- Evitar contactos directos: bicos, abrazos...
- Non asistir a reunións en espazos abertos: rúas, prazas, parques...
- Non acudir ao **Centro de Saúde**, nin a espazos públicos, se non é estritamente necesario.

Se fora necesario realizar algunha xestión no **Concello** ou en calquera das súas dependencias (**Servizos Sociais, C.I.M., Xulgado de Paz,...**) tratarase de facer por teléfono 988594006 ou telemáticamente a través da sede electrónica do Concello <http://a-gudina.sedelectronica.gal> ou e-mail administración@agudina.es, e só se acudirá ó Concello ou dependencias se fose estritamente necesario, en horario de 12:00 a 13:00 horas.

Ademáis, recoméndase que as persoas maiores ou con patoloxías varias eviten saír das súas casas, e que toda a poboación siga as medidas de prevención recomendadas polo Goberno da Xunta de Galicia e o Goberno de España.

PARA INFORMACIÓN EN CASO DE SÍNTOMAS CHAMAR Ó TLF: 900 400 116.

A Corporación Local fai un chamamento á responsabilidade persoal dos veciños e veciñas de A Gudiña, mantendo a calma e evitando desprazamentos na medida do posible.

O que se fai público para xeral coñecemento, rogando desculpen as molestias.

Documento asinado electronicamente ao marxe.

Concello de A Gudiña - CIF.- P3203500H

Avda. Beato Sebastián Aparicio, 76 - 1º 32540 - A Gudiña (Ourense)

Sede electrónica: <http://a-gudina.sedelectronica.gal> email: administración@agudina.es

Teléfono: 988594006 Fax: 988421081

